



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	Código	613G02007	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Computación			
Coordinación	Rodríguez Brisaboa, Nieves	Correo electrónico	nieves.brisaboa@udc.es	
Profesorado	Cerdeira Pena, Ana Belen Novo Bujan, Jorge Ortega Hortas, Marcos Rodríguez Brisaboa, Nieves	Correo electrónico	ana.cerdeira@udc.es j.novo@udc.es m.ortega@udc.es nieves.brisaboa@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende dar a coñecer aos/ás estudantes as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) no eido dos estudos lingüísticos e literarios; así como axudarlles a desenvolver un conxunto elemental de competencias - de carácter eminentemente práctico - como base para o uso de todo tipo de ferramentas TIC.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as posibilidades tecnolóxicas actuais e as súas posibilidades, en relación cos estudos lingüísticos e literarios	A1	B1 B2 B3 B4 B9	C3 C6 C8
Coñecer e utilizar ferramentas para o tratamento e busca de información	A1 A15	B1	C3
Coñecer e utilizar ferramentas de produción, xestión e exposición de contidos		B2 B4	C3
Coñecer e utilizar ferramentas para a realización de presentacións e difusión de contidos multimedia		B2 B4	C3
Coñecer e utilizar ferramentas de traballo colaborativo e as súas posibilidades		B2 B4	C3
Coñecer e utilizar ferramentas para a compilación, organización e análise de datos de interese lingüístico e literario	A1	B2 B4	C3
Coñecer e utilizar ferramentas para a realización de aplicacións didácticas		B2 B3 B4 B9	C3 C7 C8
Aprender a adaptarse a cambios e innovacións tecnolóxicas		B2 B3 B4 B5	C3



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción aos conceptos básicos de informática	1.1 Conceptos básicos de Computadores, Hardware, Software, Redes, Internet. 1.2 Aplicacións das TIC aos estudos lingüísticos e literarios
2. Multimedia. Imaxe, video, son. Produción e distribución.	2.1 Representación de imaxe, vídeo e son 2.2 Xeración de contidos multimedia 2.3 RSS.
3. Ferramentas para a compilación, organización e análise de datos de interese lingüístico e literario	3.1 Introducción aos Sistemas Xestores de Bases de Datos (SXBD) 3.2 Bases de datos documentais. Linguaxes de consulta sobre BDs documentais
4. Bibliotecas Dixitais e Recuperación de Información	4.1 Bases de datos Documentais. 4.2 Catálogos informatizados e Bibliotecas Dixitais. 4.3 Tipoloxías de Bibliotecas Dixitais. 4.4 Recuperación de Información: Precisión e Recuperación.
5. Didáctica	5.1 Aplicacións didácticas. Estándares e-learning 5.2 Exercicios interactivos. Autoaprendizaxe.
6. Ferramentas para o tratamento e busca de información na sociedade do coñecemento	6.1 Linguaxes e estándares: HTML, XML 6.2 Ferramentas de tratamento e busca de información
7. Ferramentas básicas de produción, xestión e exposición de contidos	7.1 Procesadores de texto 7.2 Aplicacións de presentación
8. Ferramentas de traballo colaborativo	8.1 Web 2.0 8.2 Blogs e wikis 8.3 Ofimática en web

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B9 C3 C6 C7 C8	21	42	63
Traballos tutelados	A15 B1 B2 B3 B4	7	21	28
Prácticas a través de TIC	B2	13	39	52
Actividades iniciais	B1 B3 B4	1	2	3
Proba mixta	B4	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, por parte dos docentes, de contidos nunha aula convencional, incluíndo demostracións do uso de ferramentas TIC
Traballos tutelados	Realización de traballos, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión dos docentes
Prácticas a través de TIC	Realización de pequenas actividades na aula informatizada, para a adquisición de competencias no uso de diferentes ferramentas TIC
Actividades iniciais	Introdución ao manexo de ferramentas básicas necesarias durante o curso.
Proba mixta	Realización dunha proba escrita para demostrar os coñecementos e competencias adquiridos en relación á materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas a través de TIC	Asistencia a pé de aula durante a realización das actividades propostas.
Traballos tutelados	Resolución de dúbidas en horario de titorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	B4	Proba escrita na que deben ser demostrados os coñecementos e as competencias adquiridos	50
Sesión maxistral	A1 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B9 C3 C6 C7 C8	A participación nas aulas maxistras e a entrega de exercicios curtos prantexados de una clase para a seguinte	10
Prácticas a través de TIC	B2	Actividades curtas a desenvolver na aula informatizada. Cada semana será proposta unha nova actividade. As actividades realizadas serán utilizadas para valorar a participación dos/das estudantes.	20
Traballos tutelados	A15 B1 B2 B3 B4	Dous traballos dunha maior extensión, que serán realizados ao longo do curso baixo a supervisión dos docentes	20

Observacións avaliación
<p><b>PRIMEIRA OPORTUNIDADE</b></p> <p>A primeira oportunidade será avaliada do seguinte xeito:</p> <p>O 50% da nota global da materia corresponderá a unha proba escrita teórica sobre os coñecementos e competencias adquiridos ao longo do curso. Será precisa unha <b>NOTA MÍNIMA</b> de 5 (sobre 10) nesta proba escrita para superar a materia. O 20% da nota global da materia corresponderá a dous traballos tutelados que deberán ser desenvolvidos ao longo do curso, utilizando os recursos da aula informática. O 25% da nota global da materia corresponderá ao desenvolvemento das prácticas na aula de informática ao longo do curso. Será preciso ter entregado todas as prácticas e os dous traballos tutelados antes do exame, na data que se indique, para poder aprobar a materia.</p> <p>Finalmente outro 5% da nota corresponderá á participación nas aulas de teoría e a resolución e entrega dos exercicios curtos que se propoñan na mesma nos diferentes temas.</p> <p><b>OBSERVACIÓNS:</b></p> <p>Terá cualificación de <b>NON PRESENTADO</b> calquera estudante que non realice a proba escrita teórica.</p> <p><b>SEGUNDA OPORTUNIDADE</b></p> <p>Poderán presentarse á segunda oportunidade <b>ÚNICAMENTE</b> aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade</p> <p>A segunda oportunidade constará de tres partes:</p> <p>Proba escrita teórica (50% da nota final), para recuperar a nota da proba teórica da primeira oportunidade. Será precisa unha <b>NOTA MÍNIMA</b> de 5 (sobre 10) nesta proba escrita para superar a materia. Proba escrita práctica (30% da nota final), para recuperar a nota das actividades prácticas dos grupos medianos. Dous traballos prácticos (20% da nota final) para recuperar a nota dos traballos tutelados. Estes traballos poderán ser, a criterio dos docentes, os mesmos da primeira oportunidade ou outros de similar dificultade. O enunciado dos traballos será publicado no Moodle da UDC logo de publicarse as cualificacións definitivas da primeira oportunidade.</p> <p><b>OBSERVACIÓNS:</b></p> <p>Cada estudante poderá escoller se opta a recuperar unha, dúas ou as tres partes. Se un/unha estudante decide non realizar a recuperación de algunha das tres partes, conservará a nota obtida na primeira oportunidade nesa parte. Os/as estudantes con nota inferior a 5 na proba escrita teórica na primeira oportunidade deberán recuperar esa parte na segunda oportunidade para aprobar a materia.</p> <p><b>DISPENSA ACADÉMICA</b></p> <p>Aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases poderán, en primeira oportunidade demostrar o seu desenvolvemento no manexo das ferramentas informáticas usadas nos grupos medianos mediante un exame práctico que valerá o 30% da nota e entregar os dous traballos tutelados. Para a segunda oportunidade examinaranse como o resto do alumnado.</p>

Fontes de información
-----------------------



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marchal, Benoit (2001). XML con exemplos. Pearson Educación</li> <li>- Abiteboul, Serge; Buneman, Peter; Suciu, Dan (2000). Data on the Web: from relations to semistructured Data and XML. Morgan Kaufmann Publishers</li> <li>- Elmasri, R.; Navathe, S. (2007). Fundamentos de Sistemas de Bases de Datos, 5ª Edición. Addison-Wesley</li> <li>- Fernández Pérez-Sanjulián, C.; Saavedra Places, A. (2004). As bibliotecas dixitais. Laiovento</li> <li>- Prieto Espinosa, A.; Lloris Ruiz, A.; Torres Cantero (2006). Introducción a la Informática. McGraw Hill</li> <li>- Prieto Espinosa, A.; Prieto Campos, B. (2005). Conceptos de Informática. McGraw-Hill</li> <li>- Peña, Rosalía; Baeza-Yates, Ricardo; Rodríguez, José V. (2002). Gestión digital de la información. De bits a bibliotecas digitales y la web. Ra-Ma (Madrid)</li> <li>- Dans Álvarez de Sotomayor, Pedro (2010). Guía práctica. Internet. Edición 2010. Anaya Multimedia</li> <li>- Baeza-Yates, R.; Ribeiro-Neto, B (1999). Modern information retrieval . Addison-Wesley and ACM Press</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- (). Ferramenta de validación de DTDs. <a href="http://www.validome.org/grammar/">http://www.validome.org/grammar/</a></li> <li>- (). Ferramenta de validación de XML con DTD . <a href="http://www.stg.brown.edu/service/xmlvalid/">http://www.stg.brown.edu/service/xmlvalid/</a></li> <li>- (). Ferramenta para comprobar se un documento XML está ben formado. <a href="http://www.xml.com/pub/a/tools/ruwf/check.html">http://www.xml.com/pub/a/tools/ruwf/check.html</a></li> <li>- (1999). Informix Excalibur Text Search DataBlade Module - User's Guide. Informix Press</li> <li>- De Miguel, A.; Martínez, P.; Castro, E.; Caverro, M.; Cuadra, D.; Iglesias, A.M.; Nieto, C. (2001). Diseño de bases de datos. Problemas resueltos. Ra-Ma</li> <li>- Austerberry, David (2005). The technology of video and audio streaming. Elsevier Science</li> <li>- (). Páxina oficial de BSCW. <a href="http://public.bscw.de/">http://public.bscw.de/</a></li> <li>- (). Manuales de Moodle. <a href="http://docs.moodle.org/es/Manuales_de_Moodle">http://docs.moodle.org/es/Manuales_de_Moodle</a></li> <li>- Nafria, I. (2008). Web 2.0 : el usuario, el nuevo rey de internet. Gestión 2000</li> <li>- (). Dokuwiki en español. <a href="http://www.dokuwiki.org/es:dokuwiki">http://www.dokuwiki.org/es:dokuwiki</a></li> <li>- Martí Antonin, M.A. (coord.) (2003). Tecnologías del lenguaje. UOC</li> <li>- Blecua, José Manuel (et al. eds.) (1999). Filología e informática. Nuevas tecnologías en los estudios filológicos. Milenio e Universidade Autónoma de Barcelona</li> <li>- Abaitua, J. (). Edición y publicación electrónica. <a href="http://paginaspersonales.deusto.es/abaitua/konzeptu/ht.htm">http://paginaspersonales.deusto.es/abaitua/konzeptu/ht.htm</a></li> <li>- Holzner, Steven (2007). Los secretos de RSS. Anaya Multimedia</li> <li>- Tenorio, Iván (2008). Podcast : manual del podcaster . Marcombo</li> <li>- (). Webquest.org. <a href="http://www.webquest.org/">http://www.webquest.org/</a></li> <li>- Beekman, G. (2006). Introducción a la informática. Pearson Educación</li> <li>- Delgado Cabrera, J.M. (2007). Microsoft Office 2007. Anaya Multimedia</li> <li>- (). Google Docs. <a href="http://docs.google.com/">http://docs.google.com/</a></li> <li>- Powell, Thomas A. (2001). HTML 4: manual de referencia. McGraw-Hill</li> </ul>

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías